

Impacto do proxecto

Que resultados esperemos conseguir?

- » Creación de **34 comunidades enerxéticas rurais** dirixidas por cidadáns: 22 en Galicia (España) e 12 en Estonia.
- » Máis de **1.500 cidadáns** participando nas comunidades enerxéticas rurais.
- » Máis de **75.500 persoas** informadas sobre EC4RURAL e as comunidades enerxéticas rurais.
- » Máis de **2.000 axentes** do territorio con maiores competencias en enerxía comunitaria.
- » Máis de **4M€** de investimento (2,1M€ en Galicia; 1,9M€ en Estonia).
- » Máis de **5,5 MW** de potencia total (2,8 MW en Galicia e 2,6 MW en Estonia).
- » Xeración anual de enerxía renovable activada ao final do proxecto:
 - 3,25 GWh en Galicia
 - 1,57 GWh Estonia
- » Máis de **2.400 t de CO₂** evitadas ao ano.
- » **0,77M€** de aforro local anual (0,49M€ en Galicia; 0,28M€ en Estonia).
- » **41 postos de traballo** creados (24 en Galicia e 17 en Estonia).



Co-funded by the European Union. Views and opinions expressed are however those of the author(s) only and do not necessarily reflect those of the European Union or CINEA. Neither the European Union nor the granting authority can be held responsible for them.

Fomento do compromiso local para a transición enerxética limpa no rural a través das comunidades enerxéticas

Programa de financiación
LIFE Clean Energy Transition
sub-programme

Duración

1 setembro 2023 - 31 agosto 2027
(48 meses)

Presuposto total

1,578,130.20 €

Contribución UE

1,499,223.70 €

Síguenos!



ec4rural.webs.uvigo.gal

info.ec4rural@uvigo.gal



Fomento do compromiso local para a transición enerxética limpa no rural a través das comunidades enerxéticas



Co-funded by
the European Union

Co-funded by the European Union. Views and opinions expressed are however those of the author(s) only and do not necessarily reflect those of the European Union or CINEA. Neither the European Union nor the granting authority can be held responsible for them.

Un paso adelante moi necesario

O proxecto EC4RURAL quiere axudar a transformar e estreitar as relacións entre as comunidades rurais e as autoridades locais e rexionais para contribuír á **transición cara a unha enerxía limpa** (clean energy transition, CET) en Europa.

Inspirado no principio de que non hai unha solución única para todos, a participación activa das **zonas rurais e dos axentes interesados de cada territorio** é un elemento clave no enfoque deste proxecto. Queremos garantir que as comunidades rurais non queden atrás no tan necesario cambio de modelo, esencial no actual escenario climático. En última instancia, isto contribuirá a que as comunidades rurais poidan aproveitar ao máximo a súa riqueza de recursos evitando, ao mesmo tempo, a pobreza enerxética.

Este novo cambio de paradigma levarase a cabo a través de 2 pilotos no norte e no sur de Europa -Estonia e Galicia (España)- nos que participarán 34 municipios rurais. Ademais, EC4RURAL tratará de sementar a replicabilidade, non só nas rexións participantes, senón tamén a escala europea.

Un consorcio multidisciplinar

(Leader)

Universidade de Vigo



EESTI LINNADE JA VALDADE LIIT
ASSOCIATION OF ESTONIAN CITIES AND MUNICIPALITIES



espazo coop
unión de cooperativas galegas

fegamp
Federación Galega de Municipios e Provincias

Fundación Juana de Vega

SAPIENS

Tartu Regiooni Energiagentuur
Tartu Regional Energy Agency




De consumidores a prosumidores

Seguir como ata o de agora non funciona, polo que a transición cara a unha enerxía limpa basearase na cooperación activa a nivel local. EC4RURAL poñerá en marcha un proceso de colaboración e co-creación que reunirá a persoas da ciencia e da práctica, cidadáns e axentes interesados de cada territorio.

A través deste enfoque de abaixo-arriba, fomentaremos a creación de **34 comunidades enerxéticas rurais** dirixidas por cidadáns que producirán electricidade mediante paneis fotovoltaicos.

A previsión é que as primeiras comunidades enerxéticas estean listas en setembro de 2025. A partir desa data, os consumidores rurais converteranse en "prosumidores".

É dicir, ademais de consumir enerxía, tamén poderán almacenar, compartir ou vender o exceso xerado.



Fitos 2023 - 2027

1



Fase de Configuración
Os plans enerxéticos das comunidades locais deseñaranse mediante un proceso participativo para determinar os seus obxectivos enerxéticos específicos.

2



Fase de Potenciación
Prestación de apoio para decidir sobre os modelos de negocio, tecnoloxías, solucións xurídicas e financeiras, estrutura de gobernanza, acceso á rede, procesos de autorización, inversión e subvencións públicas.

- **Febreiro 2024**
Publicación do Plan de formación
- **Abril 2024**
Creación dos Consellos de Política Enerxética
- **Agosto 2024**
Establecemento dos grupos tractores
- **Febreiro 2025**
Elaboración dos 15 proxectos iniciais de comunidades enerxéticas rurais en España
- **Agosto 2025**
Posta en marcha de 15 comunidades enerxéticas rurais en España
- **Febreiro 2026**
Elaboración dos restantes proxectos de comunidades enerxéticas rurais: 12 en Estonia e 7 en España
- **Agosto 2026**
Posta en marcha das restantes comunidades enerxéticas rurais: 12 en Estonia e 7 en España
- **Agosto 2027**
EC4RURAL finaliza coa creación de 34 comunidades enerxéticas que liderarán a transición cara ao uso de enerxía limpa nas zonas rurais de Europa